# Parando a MAREA NEGRA



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Colección:
Ciencia para todos
Nº. 3

Guión: Mª. Pilar Jiménez Aleixandre
Ilustracións: Fran Bueno Capeáns


NOS PRIMEIROS DÍAS DE DECEMBRO DE 2002 VIVIMOS BAIXO UNHA AMEAZA...
¡POBRES DE NÓS! A MAREA NEGRA ESTA NA BOCA DA RÍA...
¡TEMOS QUE PARALA! SE ENTRA NA RÍA SERÁ A RUÍNA
PERO PARA QUE NON ENTRE NA RÍA NECESITAMOS MEDIOS, CARME, E NON OS HAI
PARARÉMOLA COAS MANS, COS DENTES... COMERÉMOLA SE FAI FALTA...
ATA LOGO, ANA
MOITA SORTE, PAPÁ
VÓS IREDES POLA BANDA DE ARNELINA, E ELES POLA OUTRA... E O BARCO MEXILLOEIRO ESTARÁ AGARDANDO PARA QUE BALEIREDES OS CESTOS NEL...


CONTRA O NEGRO FUEL DO PRESTIGE TIÑAMOS POUCO MÁIS QUE AS NOSAS MANS, O ENXEÑO... E A NOSA VONTADE DE RESISTIR
SON ANTONIO BERMÚDEZ, O PATRÓN MAIOR DA CONFRARÍA DE VILA XUNQUEIRA, TEMOS A MAREA NEGRA NA BOCA DA RÍA E...
AGORA DIRANLLE QUE NON HAI PERIGO, QUE SON MANCHAS PEQUENAS
¡QUE LENTELLAS NIN LENTELLAS! ISTO É UNHA DESFEITA, NECESITAMOS MEDIOS...
TIVEMOS QUE INVENTAR BARREIRAS, USAR OS TRUEIS...
FUNDIR ESPUMADEIRAS XIGANTES PARA COAR O CHAPAPOTE


PONEDE AS LENTES E AS MÁSCARAS... XA SEI QUE NON É CÓMODO, PERO É MÁIS SEGURO
¿E TI DE ONDE VÉS?
DE MADRID. EN CUANTO ME ENTERÉ, COGÍ EL TREN...
SABES QUE VOLO AGRADECEMOS...
AGRADECER NO, OYE, QUE EL MAR ES DE TODOS...
¿CRES QUE CONSEGUIRÁN QUE O FUEL NON ENTRE NAS RÍAS?
NON SEI... É UNHA BATALLA MOI DESIGUAL, PERO HAI QUE INTENTALO
MIRA ESTE PAXARO...
UN MASCATO... HAINO QUE LEVAR Ó CENTRO DE RECUPERACIÓN DE AVES
PARECE QUE NON IMOS ACABAR NUNCA. CADA DÍA VOLVE ENTRAR MÁIS FUEL
TEMOS QUE SEGUIR. AGORA O MAR DEPENDE DE NÓS


A LIMPEZA DOS COÍDOS E ROCHAS É MOITO MÁIS DIFÍCIL QUE A DOS AREAIS
MOITOS VOLUNTARIOS ESTÁN CHAMANDO PARA AXUDAR... E TAMÉN VIRÁ O EXÉRCITO. DAQUELA FARÁN FALTA MÁIS MEDIOS
AQUÍ TEMOS CORENTA... ¿E TOMÉ E OS OUTROS DE ARROAS, ONDE ESTÁN?
TRABALLANDO NA ESCOLA. HAI UNHA GARDERÍA PERMANENTE PARA QUE OS PAIS E NAIS POIDAN LIMPAR OU IR Ó MAR
¡NAS PENAS NON SE AVANZA NADA! ¿NON SERÍA MELLOR CONCENTRAR OS ESFORZOS NA PRAIA?
PERO É QUE HAI BICHOS COMO ESTES OURIZOS QUE VIVEN ENTRE AS ROCHAS, E TAMÉN OS MEXILLÓNS E OS PERCEBES... EU TRABALLO NISO ¿SABES?
¿ES BIÓLOGA? ¿E QUE VAI PASAR CO MAR?¿CANTO TARDARÁ EN RECUPERARSE?


OS QUE O TEÑEN PEOR SON OS ANIMAIS QUE VIVEN NO FONDO DO MAR, SOBRE TODO OS QUE NON SE MOVEN, COMO OS OURIZOS. PORQUE SE CHEGA ALÍ O CHAPAPOTE MORREN
MAXINA AS AMEIXAS OU AS NAVALLAS QUE VIVEN NA AREA. SE O FUEL AS COBRE NON PODEN RESPIRAR NIN ALIMENTARSE
E OS QUE FLOTAN OU NADAN ¿PODEN ESCAPAR?
O FUEL FLOTA SOBRE O MAR E AFECTA Ó PLANCTO, OS ORGANISMOS FLOTADORES, SEXA PORQUE OS MATA, OU PORQUE IMPIDE O PASO DA LUZ. E DESTAS ALGAS MICROSCÓPICAS DEPENDEN GRAN PARTE DAS CADEAS ALIMENTICIAS MARIÑAS
DÍGOLLE QUE NON SEI O QUE IMOS COMER... O CHAPAPOTE ACABOU COS CRUSTÁCEOS E PEIXIÑOS QUE ERAN A NOSA MANTENZA
E O PEOR SON OS OVOS E AS CRÍAS, TAN DELICADOS...
AÍNDA QUE O FUEL NON NOS MANCHE, A NOSA VIDA AGORA É MÁIS DIFÍCIL


¿E OS CARNÍVOROS QUE? NINGUÉN SE PREOCUPA DE NÓS. POIS SE NON HAI PEIXES NIN MOLUSCOS A VER QUE COMO EU...
MENOS MAL QUE ATA AGORA O CHAPAPOTE NON CHEGOU ÁS ROCHAS ONDE ESTÁN AS COVAS DOS POLBOS
¡DESCULPEN! ACABO DE VER PASAR O ALMORZO. VÉMONOS NOUTRO MOMENTIÑO
TAMÉN SON AFECTADOS POLA MAREA NEGRA MOITOS BICHOS QUE NON SE COMEN, PERO SON IMPORTANTES NOS ECOSISTEMAS: MEDUSAS, OURIZOS, ESTRELAS, VERMES...
OS QUE VIVEN PEGADOS ÁS ROCHAS, COMO MEXILLÓNS OU PERCEBES, MORREN SE O CHAPAPOTE OS COBRE
POR ISO É IMPORTANTE QUITAR TODO O FUEL QUE PODAMOS, PARA QUE O MAR SE RECUPERE CANTO ANTES


¿AÍNDA NON VOLVERON?
AÍNDA NON. ¿PREOCUPADA POR VICENZO?
¡PREOCUPADA POLA RÍA!
NON QUERO PENSAR SE ENTRA NA RÍA.¿QUE SERÁ DAS BATEAS DE MEXILLÓN? CON TANTAS FAMILIAS COMO VIVEN DISO...
O MEXILLÓN, AS PISCIFACTORÍAS DE RODABALLO, AS OSTRAS... AS RÍAS TEÑEN UNHAS CONDICIÓNS EXCEPCIONAIS
¡AÍ VEÑEN!
¡A RÍA RESISTE! ¡O FUTURO EXISTE!
¡PAPÁ!
PARÁMOLA... ATA AGORA


ESTAMOS FACENDO UN INFORME PARA A ASOCIACIÓN ARROAS, SOBRE OS EFECTOS DA MAREA NEGRA NA VILA...
POIS NA PRAZA, XA VEDES... A MAIORÍA DAS PEIXEIRAS FECHARON, PORQUE CASE NON HAI PEIXE. E AS QUE ABRIMOS NON VENDEMOS NADA...
PEIXES
¿POR QUE NON VEÑEN? ¿É QUE O PEIXE NON É COMO SEMPRE?
¿TI CRES QUE EU O VENDERÍA DE NON SER ASÍ? MIRA QUE FRESQUIÑO É... VEN DE LUGO, ONDE NON HAI CHAPAPOTE. PERO A XENTE CRE QUE TODO ESTÁ MANCHADO
NESTE MOMENTO TEMOS CONTRATADAS A CUARTA PARTE DE MULLERES QUE O ANO PASADO, PORQUE CHEGA MENOS PEIXE E É MÁIS CARO. CO QUE CUSTA TER A FÁBRICA ABERTA, CASE ERA MÁIS RENDIBLE FECHALA...
CONSERVAS O PORTIÑO
¿E POR QUE NON A FECHAN?
TEMOS QUE MANTER A NOSA CLIENTELA... SE DEIXAMOS DE PRODUCIR, MERCARANLLE A OUTRAS FÁBRICAS, A OUTROS PAÍSES
DECATÁMONOS DE QUE OS AFECTADOS NON SON UNICAMENTE OS MARIÑEIROS
SI, MÁIS DA METADE DOS EMPREGOS DA VILA DEPENDEN DO MAR: CONSERVA, ACUICULTURA, CONXELADOS...
MOITOS MÁIS CONTANDO O TURISMO, OS RESTAURANTES


OS TURISTAS QUE VISITAN O PARQUE NATURAL, A LAGOA E AS DUNAS...
...SE HAI CHAPAPOTE NON CREO QUE VEÑAN PARA VELO
SE NON VIÑESEN TURISTAS, OS HOTEIS E AS CASAS QUE SE ALUGAN POLO VERÁN QUEDARÍAN BALEIROS...
ALÚGASE
ALÚGASE PARA O VERÁN
...OS RESTAURANTES NON TERÍAN A QUEN DARLLE DE COMER E OS CAMAREIROS IRÍAN Ó PARO
XA VES... OS ECOLOXISTAS PREOCÚPANSE MOITO SE O CHAPAPOTE CHEGA ÁS COVAS ONDE VIVIMOS, PERO NADA SE O TURISTA NOS COME CON PATACAS...
NON COMAS POLBO Á FEIRA, COME CENOURAS
PREOCÚPANSE POLO FUTURO, O DOS SEUS FILLOS E O DOS NOSOS E... ¡QUE QUERES! EU TAMPOUCO CHE SON VEXETARIANO


A DO PRESTIGE NON FOI A PRIMEIRA: LEVAMOS CINCO MAREAS NEGRAS NOS TRINTA ÚLTIMOS ANOS
POLYCOMMANDER, 1970
URQUIOLA, 1976
ANDROS PATRIA, 1978
MAR EGEO, 1992
PRESTIGE, 2002
OS SEUS EFECTOS DURAN MOITO TEMPO. DEZ ANOS DESPOIS DO MAR EGEO, AINDA NON HAI OURIZOS NALGÚNS LUGARES DA COSTA
SE CAUSA EFECTOS TAN GRAVES, ¿POR QUE NON SE TOMAN MEDIDAS?
¿BARCOS DE DOBRE CASCO? ¡SON MÁIS CAROS!
PARA AUMENTAR O QUE GAÑAN, AS PETROLEIRAS USAN BARCOS MENOS SEGUROS...
REXISTRAN OS BARCOS EN PAÍSES ONDE A LEXISLACIÓN PERMITE CONTRATAR MARIÑEIROS NON PROFESIONAIS...
水
TEÑEN ESTRUCTURAS QUE DIFICULTAN LOCALIZAR OS RESPONSABLES: O PRESTIGE ESTÁ A NOME DE CROWN (SUIZA), TAPADEIRA DE ALPHA GROUP (RUSA), QUE FINANCIOU CON 2 MILLÓNS DE DÓLARES A CAMPAÑA DE BUSH. UN DOS SEUS SOCIOS, MARC RICH, FOI CONDENADO POR TRÁFICO DE ARMAS
EN RESUMO: AS EMPRESAS BENEFÍCIANSE E, SE HAI UNHA CATÁSTROFE, PAGA O ESTADO, OU SEXA, TODOS
Prestige: ¿Quen paga a factura?


¿E QUE PODEMOS FACER? ¡NON IMOS ESPERAR A QUE CHEGUE A SEXTA MAREA NEGRA!
MOITAS COUSAS PARA REDUCIR A DEPENDENCIA DO PETRÓLEO
USANDO TRANSPORTE COLECTIVO CONSUMIMOS MENOS CARBURANTE...
QUE INDO CADA UN NO SEU COCHE
TENDO AS VIVENDAS BEN ILLADAS, EN PAREDES, TEITOS E FIESTRAS, PODEMOS REDUCIR MOITO O CONSUMO EN CALEFACCIÓN
EN VEZ DE QUENTAR DEMASIADO AS CASAS NO INVERNO E PONER AIRE ACONDICIONADO DEMASIADO FRÍO NO VERÁN
rauli
O PLÁSTICO TAMÉN SE FABRICA CON PETRÓLEO, E REDUCINDO O USO DOS PLÁSTICOS, BOLSAS, ETC. TAMÉN AFORRAMOS PETRÓLEO


TEMOS QUE FACER UNHA CAMPAÑA A FAVOR DAS FONTES RENOVABLES DE ENERXÍA, ALTERNATIVAS O PETRÓLEO
A ENERXÍA EÓLICA É LIMPA E RENOVABLE
LIMPA PORQUE NON EMITE $CO_2$ NIN OUTROS GASES, E RENOVABLE PORQUE O VENTO É INESGOTABLE
TAMÉN SE OBTÉN ENERXÍA DA BIOMASA, POR EXEMPLO DOS RESTOS FORESTAIS DE LIMPAR O MONTE, DOS SERRADOIROS...
OS PANEIS SOLARES SON OUTRA FORMA ALTERNATIVA DE PRODUCIR ENERXÍA SEN CONTAMINAR
...E USAR LÁMPADAS DE BAIXO CONSUMO E...
ARROÁS
MÁIS AIRE LIMPO E MENOS PETRÓLEO
USANDO MENOS PETRÓLEO, ADEMAIS DE EVITAR OUTRAS MAREAS NEGRAS, CONTRIBUÍMOS A TER UN AIRE MÁIS LIMPO


GRACIAS Ó ESFORZO DOS MARIÑEIROS A MAREA NEGRA NON ENTROU NAS RÍAS BAIXAS E, PASADOS UNS MESES, PÓDESE PESCAR DE NOVO
POR FIN PODEMOS PESCAR PEIXE E NON CHAPAPOTE
AS BATEAS DE MEXILLÓNS, OSTRAS E VIEIRAS PODEN TRABALLAR SEN MEDO
E AS PISCIFACTORÍAS QUE TOMAN AUGA DO MAR TAMÉN PODEN FUNCIONAR SEN A AMEAZA DO PETRÓLEO
TODO ISTO É POSIBLE GRACIAS Á UNIÓN DA XENTE DO MAR PARANDO A MAREA NEGRA E Á AXUDA DE TODOS
PERO NON PODEMOS ESQUECER QUE AÍNDA HAI MOITO POR LIMPAR




PARA ROMÁN, MARILAR

PARA OS MEUS PAIS. FRAN



*Afirmando a necesidade e a vontade de protexer e conservar o medio mariño para as xeracións presentes e futuras*

*Recoñecendo a interdependencia das poboacións humanas e o medio mariño e costeiro*

*Proclamamos o compromiso de protexer e conservar o medio mariño*

**(Conferencia Intergobernamental sobre Protección do Medio Mariño, 1995)**

**Consello da Cultura Galega.**
**Sección de Ciencia,**
**Técnica e Sociedade**
**ISBN: 84-95415-72-0**
**DL: C-2200-2003**
**Imprime: Valladares, S.L.**